TEB5.3.1. Instala e manexa programas e software básicos.	CD	Utilización de ferramentas dixitais. Creación de contidos	(10) Crear contidos usando procesadores de texto.
	CD	Utilización de ferramentas dixitais. Creación de contidos	(10) Crear contidos usando programas de procesamento de datos
	CD	Utilización de ferramentas dixitais. Creación de contidos	(11) Diferenciar os distintos tipos de ficheiros.
	CD	Utilización de ferramentas dixitais. Creación de contidos	(12) Coñecer os programas que serven para realizar textos.
	CD	Utilización de ferramentas dixitais. Creación de contidos	(12) Coñecer os programas que serven para procesar datos
	CD	Utilización de ferramentas dixitais. Creación de contidos	(12) Coñecer os programas que serven para realizar diagramas.
	CD	Utilización de ferramentas dixitais. Creación de contidos	(12) Coñecer os programas que serven para realizar esquemas eléctricos.
	CD	Utilización de ferramentas dixitais. Creación de contidos	(12) Coñecer os programas que serven para realizar planos técnicos.
	CD	Utilización de ferramentas dixitais. Creación de contidos	(12) Coñecer os programas que serven para realizar tratamentos gráficos.
	CD	Utilización de ferramentas dixitais. Creación de contidos	(12) Coñecer os programas que serven para analizar a electricidade.

Indicadores necesarios para un grao mínimo de consecución para superar a materia			
Estándar de Aprendizaxe	COMP.	Dimensión	Indicadores
		de contidos	
	CD	Utilización de ferramentas dixitais. Creación de contidos	(12) Coñecer os programas que serven para analizar o son.
	CD	Utilización de ferramentas dixitais. Creación de contidos	(12) Coñecer os programas que serven para analizar a luz.
	CD	Utilización de ferramentas dixitais. Creación de contidos	(12) Coñecer os programas que serven para realizar cálculos estruturais.
	CD	Utilización de ferramentas dixitais. Creación de contidos	(13) Usar con soltura programas técnicos de procesamento de texto.
	CD	Utilización de ferramentas dixitais. Creación de contidos	(13) Usar con soltura os programas técnicos de proceso de datos
	CD	Utilización de ferramentas dixitais. Creación de contidos	(13) Usar con soltura programas técnicos de creación de diagramas.
	CD	Utilización de ferramentas dixitais. Creación de contidos	(13) Usar con soltura programas técnicos de deseño asistido.
	CD	Utilización de ferramentas dixitais. Creación de contidos	(14) Apreciar e usar os programas técnicos que ofrecen os teléfonos “intelixentes”.
	CD	Relacionar o hardware co software	(16) Ser consciente das limitacións dos equipos informáticos.
	CD	Relacionar o hardware co software	(18) Coñecer e valorar os distintos sistemas operativos.
	CAA	Uso para mellorar das capacidades e coñecementos dos demais	(1) Ter curiosidade por coñecer as solucións tecnolóxicas que aparecen na vida real.
TEB5.3.2. Utiliza adecuadamente equipamentos informáticos e dispositivos electrónicos.	CD	Utilización de ferramentas dixitais. Creación de contidos	(11) Diferenciar os distintos tipos de ficheiros.
	CD	Utilización de ferramentas dixitais. Creación de contidos	(13) Usar con soltura programas técnicos de procesamento de texto.
	CD	Utilización de ferramentas dixitais. Creación de contidos	(13) Usar con soltura os programas técnicos de proceso de datos
	CD	Utilización de ferramentas dixitais. Creación de contidos	(13) Usar con soltura programas técnicos de creación de diagramas.
	CD	Utilización de ferramentas dixitais. Creación de contidos	(13) Usar con soltura programas técnicos de deseño asistido.

Indicadores necesarios para un grao mínimo de consecución para superar a materia			
Estándar de Aprendizaxe	COMP.	Dimensión	Indicadores
	CD	Utilización de ferramentas dixitais. Creación de contidos	(13) Usar con soltura programas técnicos de tratamento gráfico.
	CD	Utilización de ferramentas dixitais. Creación de contidos	(13) Usar con soltura programas técnicos de análise eléctrico.
	CD	Utilización de ferramentas dixitais. Creación de contidos	(13) Usar con soltura programas técnicos de análise sonoro.
	CD	Utilización de ferramentas dixitais. Creación de contidos	(13) Usar con soltura programas técnicos de análise da luz.
	CD	Utilización de ferramentas dixitais. Creación de contidos	(13) Usar con soltura programas técnicos de análise estrutural.
	CD	Utilización de ferramentas dixitais. Creación de contidos	(14) Apreciar e usar os programas técnicos que ofrecen os teléfonos “intelixentes”.
	CD	Relacionar o hardware co software	(16) Ser consciente das limitacións dos equipos informáticos.
	CAA	Uso para mellorar das capacidades e coñecementos dos demais	(1) Ter curiosidade por coñecer as solucións tecnolóxicas que aparecen na vida real.
TEB5.3.3. Elabora, presenta e difunde proxectos técnicos con equipamentos informáticos.	CCL	Comprensión oral e escrita	(3) Recoñecer, identifica e expresa a información especificamente tecnolóxica.
		Expresión oral e escrita	(4) Empregar oracións correctas onde se empregue o linguaxe técnico axeitado.
	CD	Utilización de ferramentas dixitais. Creación de contidos	(12) Coñecer os programas que serven para realizar textos.
	CAA	Uso para mellorar das capacidades e coñecementos dos demais	(1) Ter curiosidade por coñecer as solucións tecnolóxicas que aparecen na vida real.
Uso para mellorar das capacidades e coñecementos dos demais		(3) Ser capaz de tratar a información tecnolóxica.	

Procedementos e instrumentos de avaliacións

A avaliación terá como finalidade:

- Proporcionar información sobre os coñecementos previos dos alumnos, os seus procesos de aprendizaxe e a forma en que organizan o coñecemento.
- Permitir coñecer o grado en que os mozos e mozas van adquirindo competencias significativas e funcionais.
- Facilitar un seguimento personalizado do proceso de maduración e a determinación das dificultades educativas especiais dos alumnos.
- Axudar a adecuar os procesos educativos á situación e o ritmo de cada alumno e grupo concreto.
- Posibilitar que os estudantes descubran o seu desenvolvemento e progreso persoal nas novas aprendizaxes, as súas aptitudes para aprender e as súas capacidades intelectuais, intereses e motivacións, actitudes e valores...
- Axudar a revisar, adaptar e mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe.

Para estudar a evolución do alumnado están recollidos no apartado de concrecións os Desempeños, o desenvolvemento de estes Desempeños debe estar recollido de xeito que o acceso a esta información sexa perdurable no tempo.

Calquera desempeño que se requira de forma escrita, tanto en papel coma dixital, dispón desta perdurabilidade. Polo tanto se reflectirá no mesmo, se é papel, ou nun documento adxunto se é dixital o análise dos Desempeños e os Indicadores.

Esta información será tratada de xeito numérico para que o alumnado teña unha rápida aproximación a mesma. Por outra parte os procesos de observación serán anotados no caderno, en papel ou dixital, do profesor.

No caso dos procesos de observación o alumnado será avisado oralmente da súa desviación cara acadar una avaliación positiva, é dicir a traxectoria de traballo e actitude mostrada levará á non consecución da superación dos Indicadores Básicos.

Para sistematizar os Desempeños, na aula, informaremos ó alumnados de que empregaremos os seguintes instrumentos:

- **Probas escritas:** Cando o desenvolvemento de determinadas unidades didácticas aconsélleno, procederase á execución dunha proba escrita que versará sobre os contidos abordados, mediante a formulación de exercicios de cálculo, supostos prácticos e/ou contestación a preguntas teóricas.
- **Probas orais:** O desenvolvemento da materia no aula inevitablemente provocará a formulación de cuestións sobre os contidos da materia, supostos prácticos e exercicios de cálculo, cuxa resolución pode ser avaliada con carácter puntual ou global. Esta valoración se recollerá no caderno do profesor.
- **Observación na aula:** Neste punto terase en conta o interese e a participación do alumno no proceso educativo, valorándose negativamente un comportamento incorrecto no aula, a falta de asistencia e a impuntualidade. Esta valoración se recollerá no caderno do profesor.
- **Observación no taller dos traballos en grupo:** Con estas propostas estudaremos principalmente a comunicación e respecto dos demais, a división do traballo e a conciencia sobre as habilidades propias e dos demais. As observacións serán recollidas no caderno do profesor.
- **Observación no taller do proceso colaborativo:** Non é necesario estar realizando un mesmo proxecto para colaborar. O taller é un entorno limitado polo espazo físico e polos recursos, ferramentas, polo tanto son necesarias estratexias colaborativas par chegar ós obxectivos o máis pronto posible. Mediante a observación anotaremos no caderno do profesor a valoración deste proceso.
- **Observación no taller das prácticas individuais:** Todo o alumnado deber adquirir unhas mínimas destrezas no uso de ferramentas e materiais. As prácticas individuais están destinadas a estudar a adquisición destes mínimos.
- **Traballos escritos individuais:** Para fomentar o uso das TICs se requiriran en formato dixital, aparte da valoración do escrito en si poderemos requirir explicacións orais para avaliar que o traballo sexa persoal.
- **Traballos escritos en grupo:** Igualmente que no punto anterior serán dixitais. Tamén podemos requirir explicacións orais a unha presentación do mesmo para avaliar os compoñentes do grupo individualmente.

Cos grupos de instrumentos de avaliación anteriores preténdese garantir a avaliación continua no proceso de aprendizaxe e a avaliación final mediante a valoración dos resultados conseguidos.

e) Concrecións metodolóxicas que require a materia

Desde o punto de vista metodolóxico, o ensino desta materia require que se realicen proxectos nos que se traballe en equipo para resolver problemas tecnolóxicos que permitan explorar e formalizar o deseño, a produción, a avaliación ou a mellora de produtos relevantes desde o punto de vista tecnolóxico e social. Trátase de aprender a identificar e a seleccionar solucións aos problemas técnicos, a realizar cálculos e estimacións, e a planificar a realización de actividades de deseño, de montaxe e de verificación das características dos prototipos, contextos de aprendizaxe nos que son importantes a iniciativa, a colaboración e o respecto polas normas de seguridade, e nos que as tecnoloxías da información e da comunicación son ferramentas imprescindibles para a busca de información, para a elaboración de documentos ou de planos, para a realización de simulacións e de cálculos técnicos e económicos, e para a presentación ou a publicación de resultados. No ensino da tecnoloxía resulta adecuado, xa que logo, reflexionar e traballar en grupo procurando solucións a problemas nos que se poidan aplicar os coñecementos adquiridos, e buscar información adicional, se se require, para fomentar o espírito emprendedor.

f) Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar

Para o desenvolvemento da materia consideramos que non é necesario seguir os contidos de ningún libro de texto. As clases teóricas se impartirán mediante exposicións do profesor de forma oral e escrita, materiais para PDI, no encerado ou en fotocopias. Destas o alumnado tomará apuntes que considere necesarios e que poderá afianzar e ampliar con libros suxeridos polo profesor.

Os recursos materiais dispoñibles pódense enumerar como segue:

- Bibliografía, catálogos e revistas técnicas.
- Encerado e tizas de cores,
- Proxector e PDI.
- Instrumental de taller.
- Ordenadores e programas axeitados para a tecnoloxía.

g) Criterios sobre avaliación, cualificación e promoción do alumnado.

Realizaremos unha avaliación cada trimestre onde reflectiremos os logros do alumnado. A base da avaliación serán os Estándares de Aprendizaxe como manda a lei. Aquel alumno que logre superar os Estándares de Aprendizaxe asociados ós contidos correspondentes en cada avaliación, terá unha avaliación positiva. A avaliación trimestral será continua, polo tanto se poderán requirir nas distintas probas os Contidos, asociados cos seus respectivos Estándares de Aprendizaxe, explicados noutros trimestres.

O carácter aditivo da avaliación implica que as Competencias asociadas a un Estándar de Aprendizaxe deben acadarse en todas os trimestres requirimento do docente. Este carácter aditivo axuda a favorecer a persistencia das Competencias ó longo de todo o ano escolar.

A posibilidade de superar a materia mediante os períodos trimestrais estará condicionada a non perder o dereito á avaliación continua por acumulación excesiva de faltas de asistencia ou por calquera outro motivo.

Ademais se requirirá, para que o alumnado supere cun resultado positivo a materia, que non sexa en reincidente nas seguintes faltas graves:

- Uso perigoso das ferramentas de xeito que perigue a integridade física do mesmo o dos seus compañeiro.
- Ofensas graves ós membros da sociedade educativa, sempre que non exista unha reparación inmediata das mesmas.
- Impedir repetidamente o exercicio da docencia, consideraremos que esta falta está supeditada á expulsión do alumno do centro tanto como carácter preventivo reiteradamente ou como resultado da incoación dun expediente polo motivo exposto.
- Copiar nun exame.

Os criterios para a cualificación do alumnado dependerán dos indicadores acadados e se recolleran especificamente na programación, de aula, para cada nivel. En todo caso aquel alumno que **non supere todos os indicadores básicos terá unha cualificación negativa**, inferior a cinco, e polo tanto non logrará unha avaliación positiva. Os indicadores non básicos se reflectiran na cualificación sempre que todos os indicadores básicos sexan acadados.

Unha cualificación negativa se calculará do seguinte xeito:

- Segundo a cantidade de indicadores básicos acadados, sendo un cinco a consecución de todos.
- As faltas graves se reflectiran con unha diminución do valor numérico da nota de tres puntos por calquera delas, sendo estes tres puntos acumulativos. En ningún caso o alumno terá una cualificación superior a cinco no avaliación trimestral en que cometa unha falta grave. A reincidencia se valorará de cara a avaliación ordinaria.

Se todos os indicadores básicos son superados se procederá a cualificar ó alumnado do seguinte xeito:

- 50% da cualificación serán os indicadores básicos, un cinco, todos os indicadores coa mesma valoración.
- 50% da cualificación serán os indicadores adicionais, segundo a cantidade de estes acadados, todos con a mesma valoración.

O alumnado promocionará de acordo o que indica a lei e a normativa existente no centro, en caso de dúbida o profesorado manterá unha decisión de promoción, segundo os criterios do centro, acorde co número de suspensos do alumno antes de que empezara o debate sobre a promoción do mesmo.

Reflectimos de este xeito que o grao mínimo de consecución reflexa fielmente, dende un criterio de aproximación á materia, as competencias adquiridas, calquera outra decisión iría en contra do traballo desenvolvido neste documento.

Finalmente a nota final de cada trimestre terá a seguinte composición :

- **50% da nota final pertence ó Taller.**
 - ✓ 66% da nota do Taller pertence as sesións teóricas de cada proxecto, independentemente das sesións reais que se utilizaran na construción do proxecto. Asignarase un 10 a media feita polos 3 grupos con maior número de horas teóricas de cada curso, e dicir a media de 6/9 grupos (2/3 cursos X 3 grupos). A partir de aí asignarase a nota correspondente a cada grupo.
 - ✓ 33% da nota do Taller pertence a nota final de cada proxecto.
 - ✓ Se un grupo rebasa as sesións máximas dun proxecto avisara o profesor para que o cualifique, sempre co proxecto, inda que non funcione, estea completamente montado a nivel estrutural.
 - ✓ A nota máxima en ningún caso podera ser superior a un 10.
- **25% da nota final pertence ó Caderno** presentada polos alumnos cos exercicios propostos polo profesor. A non presentación de dito Caderno ou que estea incompleta, suporá o suspenso automático da materia nesa avaliación.
- **25% da nota final pertence ó Exame teórico.** Asignarase un 10 a media feita polas 3 persoas con maior nota de cada curso, e dicir a media de 6/9 persoas (2/3 cursos X 3 persoas). A partir de ahí asignarase a nota correspondente a cada persoa. A nota máxima en ningún caso podera ser superior a un 10. Non existe unha nota mínima para facer media coas outras notas.

Observacións : O profesor reservase o dereito de variar as porcentaxes e a variar a nota final de cada rapaz, segundo o seu criterio.

h) Indicadores da práctica docente

Ó igual que os indicadores que empregamos para avaliar o proceso de ensino no alumnado tamén empregaremos Indicadores para avaliar a práctica docente.

Do mesmo xeito que anteriormente agrupabamos ós Indicadores en dimensións, distintas facetas das competencias, agruparemos os Indicadores nas distintas facetas da práctica docente.

Dimensión	Indicadores
Planificación	1. Programa a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos nas leis educativas.
	2. Programa a materia tendo en conta o tempo dispoñible para o desenvolvemento desta.

Dimensión	Indicadores
	3. Selecciona e secuencía de forma progresiva os contidos da programación da aula tendo en conta as particularidades de cada un dos grupos de estudantes.
	4. Programa actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe.
	5. Planifica as clases de modo flexible, prepara actividades e recursos axustados á programación da aula e ás necesidades e aos intereses do alumnado.
	6. Establece os criterios, procedementos e os instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer o seguimento do progreso de aprendizaxe dos seus alumnos e alumnas.
	7. Coordínase co profesorado doutros departamentos que poidan ter contidos afíns á súa materia.
Motivación do alumnado	1. Proporciona un plan de traballo ao principio de cada unidade.
	2. Considera situacións que introduzan a unidade (lecturas, debates, diálogos...).
	3. Relaciona as aprendizaxes con aplicacións reais ou coa súa funcionalidade.
	4. Informa sobre os progresos conseguidos e as dificultades encontradas.
	5. Relaciona os contidos e as actividades cos intereses do alumnado.
	6. Estimula a participación activa dos estudantes na clase.
	7. Promove a reflexión dos temas tratados.
Desenvolvemento da ensinanza	1. Resume as ideas fundamentais discutidas antes de pasar a unha nova unidade ou tema con mapas conceptuais, esquemas...
	2. Cando introduce conceptos novos, relaciónaos, se é posible, cos xa coñecidos; intercala preguntas aclaratorias; pon exemplos...
	3. Ten predisposición para aclarar dúbidas e ofrecer asesorías dentro e fóra das clases.
	4. Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica.
	5. Utiliza axuda audiovisual ou doutro tipo para apoiar os contidos na aula.
	6. Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída cos estudantes.
	7. Desenvolve os contidos dunha forma ordenada e comprensible para os alumnos e as alumnas.
	8. Presenta actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe e as destrezas propias da etapa educativa.
	9. Presenta actividades de grupo e individuais.
Seguimento e avaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe	1. Realiza a avaliación inicial ao principio do curso para axustar a programación ao nivel dos estudantes.
	2. Detecta os coñecementos previos de cada unidade didáctica.
	3. Revisa, con frecuencia, os traballos propostos na aula e fóra dela.
	4. Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como pode melloralas.
	5. Corrixe e explica de forma habitual os traballos e as actividades dos alumnos e das alumnas, e dá pautas para a mellora das súas aprendizaxes.
	6. Utiliza suficientes criterios de avaliación que atendan de xeito equilibrado a avaliación dos diferentes contidos.
	7. Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación.
	8. Propón novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non foron alcanzados suficientemente.
	9. Propón novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron alcanzados con suficiencia.
	10. Utiliza diferentes técnicas de avaliación en función dos contidos, do nivel dos estudantes, etc.
	11. Emprega diferentes medios para informar dos resultados aos estudantes e aos pais.

i) Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Programa de reforzo

A materia de Tecnoloxía non é de tipo progresivo, polo tanto a superación dos mínimos esixibles do nivel que cursa o alumno non supón a superación da materia pendente.

Debido a este carácter non progresivo da materia de tecnoloxía se ofertará o alumnado un programa de reforzo con tres puntos focais.

Contidos Conceptuais	Explicación de conceptos tanto tecnolóxicos como matemáticos a requirimento do alumnado.
	Proposta de cuestións e exercicios escritos a realizar na casas sobre os contidos conceptuais.
	Corrección e análise individual con cada alumno do acadado na resolución das cuestións e exercicios.
Contidos Procedementais	Realización de prácticas sinxelas no taller onde se demostre o uso das ferramentas.
	Realización de proxectos sinxelos no taller onde se acredite o coñecemento do proceso tecnolóxico.
Contidos Actitudinais	Disposición a realizar voluntariamente as actividades de contidos conceptuais.
	Disposición a realizar voluntariamente as actividades de carácter práctico.
	Perseveranza nas tarefas prácticas ata rematalas.

Este reforzo se levará a cabo fora das horas lectivas e terá por parte do alumnado, polo tanto, un **carácter voluntario**.

No caso de que o alumnado decidise non participar con carácter voluntario nas actividades propostas, sexan polos motivos que sexan, serviran para avaliar os contidos actitudinais as valoracións anotadas no caderno do profesor que reflicten a valoración destes contidos no actual ano académico.

En canto os contidos procedementais, de non participar voluntariamente no programa de reforzo, consideraremos acadados os mínimos requiridos o anterior ano académico, non o acadado realmente polo alumno, e recibiran unha cualificación neste sentido.

Pode darse o caso de alumnado que non curso no presente curso escolar unha materia do Departamento de Tecnoloxía, e non participe voluntariamente nun programa de reforzo, neste caso consideraremos que tanto os contidos procedementais e actitudinais están o nivel mínimo, sen reparar no nivel de adquisición acadado cando cursou a materia pendente. Estes contidos recibiran polo tanto a cualificación mínima.

Procedementos e instrumentos de avaliación

Para sistematizar o proceso de avaliación das materias pendentes, informaremos ó alumnados de que empregaremos os seguintes instrumentos:

- Probas escritas: Cando o desenvolvemento de determinadas unidades didácticas aconsélleno, procederase á execución dunha proba escrita que versará sobre os contidos abordados, mediante a formulación de exercicios de cálculo, supostos prácticos e/ou contestación a preguntas teóricas.
- Probas orais: O desenvolvemento da materia no aula inevitablemente provocará a formulación de cuestións sobre os contidos da materia, supostos prácticos e exercicios de cálculo, cuxa resolución pode ser avaliada con carácter puntual ou global. Esta valoración se recollerá no caderno do profesor.
- Observación na aula: Neste punto terase en conta o interese e a participación do alumno no proceso educativo, valorándose negativamente un comportamento incorrecto no aula, a falta de asistencia e a impuntualidade. Esta valoración se recollerá no caderno do profesor.
- Observación no taller das prácticas individuais: Todo o alumnado deber adquirir unhas mínimas destrezas no uso de ferramentas e materiais. As prácticas individuais están destinadas a estudar a adquisición destes mínimos.

Estes instrumentos se procederan a usarse trimestralmente, no caso do que alumno non participe voluntariamente no programa de reforzo este terá dereito soamente a proba escrita, esta terá cara

Criterios de Cualificación e promoción

Para superar a materia pendente o alumno deberá acreditar todos os mínimos esixibles do nivel correspondente recollidos na programación de aula correspondente ó nivel pendente.

Para considerar que o alumno ou alumna ten a materia superada obter como mínimo un 5 tantos nos contidos conceptuais, como nos procedementais e nos actitudinais. Se algún dos tres contidos non e superado o alumno terá unha avaliación negativa.

No caso de que non participe no programa de reforzo voluntariamente, pero asiste a unha clase impartida polo Departamento de Tecnoloxía soamente nos quedará cualificar os contidos conceptuais e actitudinais, os procedementais se consideraran superados cunha calificación mínima.

Neste caso se acredita unha superación das probas escritas voluntarias do primeiro e segundo trimestre ou na obrigatoria do terceiro trimestre, se analizará os conceptos actitudinais nas notas do caderno do profesor para ver se están tamén superados.

No caso de que non participe no programa de reforzo voluntariamente, e ademais non asista a unha clase impartida polo Departamento de Tecnoloxía soamente nos quedará cualificar os contidos conceptuais, os actitudinais e procedementais se consideraran superados cunha cualificación mínima. Para isto o alumno pode

asistir as probas escritas voluntarias que se desenvolven o primeiro e segundo trimestre, ou a proba obrigatoria do terceiro trimestre.

Unha vez superados os tres contidos para a cualificación final teremos en conta os mesmos co seguinte porcentaxe: 70% conceptuais, 20% procedementais, 10% actitudinais.

Seguimento que se vexa avaliación a avaliación

Cada avaliación analizaremos o seguimento do programa mediante unha proba escrita para os contidos conceptuais.

Tamén informaremos ó alumnado dos logros nos contidos tanto actitudinais coma procedementais, segundo o alumnado participe, ou non, nas actividades voluntarias, como está expresado anteriormente.

Valoraremos numericamente o progreso do alumnado e será reflectido no boletín de notas cunha cualificación positiva se supera a materia pendente ou negativa se non a supera, esta cualificación é simplemente informativa, a cualificación final se fará na avaliación ordinaria, ou na extraordinaria de non superar a materia en xuño.

Unha vez o alumno acada unha avaliación positiva consideraremos superada a materia pendente, dende este punto o alumno estará exento do programa de reforzo se o estaba seguindo voluntariamente.

k) Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.

A maioría do alumnado que cursa 3º de ESO xa leva escolarizado no centro tres anos. Como consecuencia case todos cursaron a materia de Tecnoloxía no 2º curso e polo tanto as competencias deles están avaliadas e polo tanto podemos prescindir dunha avaliación inicial de carácter individual detallada.

Caso aparte é o alumnado que non cursou no centro educativo a Ensinanza Secundaria. Para este alumnado, que é escaso, realizaremos, primeiro, unha entrevista persoal. Nesta entrevista inquiriremos polos coñecementos adquiridos polo alumno noutro centro.

Na entrevista persoal faremos especialmente preguntas de marcado carácter científico e matemático por unha parte e dos coñecementos que debería posuír da materia de Tecnoloxía no 2º curso de Secundaria.

No caso de non ter unhas respostas precisas na entrevista requiriremos unha pequena proba escrita que nos revele as súas capacidades no ámbito científico.

Despois de realizar estas probas informaremos ó titor e ó Departamento de Orientación das carencias observadas. De este xeito estableceremos se o alumno precisa de necesidades educativas especiais. Si este é o caso recorreremos ás indicadas no apartado apropiado.

Por outra parte faremos unha avaliación inicial do grupo, para isto estableceremos unha actividade, sen coñecemento do alumnado, onde sexa necesaria a comunicación entre os distintos membros da aula, e sexa, tamén, necesario certo grado de coordinación e colaboración.

Esta actividade consistirá nun debate/posta en público de conceptos prácticos e teóricos do ano anterior. Nesta posta en práctica aparte da comunicación oral requiriremos a emprego de ferramentas e obxectos técnicos que existen no taller para observar a coordinación e colaboración.

A análise se realizará atendendo os indicativos da seguinte táboa. E partir do mesmo tomaremos as medidas reflectidas na mesma.

Avaliación inicial do grupo	
Comunicación	
A comunicación entre o alumnado non presenta grandes dificultades.	Non se necesitan medidas.
A comunicación entre o alumnado ten algunhas dificultades.	Propoñer estratexias para mellorar a comunicación.
A comunicación entre o alumnado ten grandes dificultades.	Descubrir a causa das dificultades e propoñer medidas que as minimicen.
Coordinación e colaboración	
O grupo ten boa actitude e sempre está disposto a axudar ordenadamente.	Non se necesitan medidas.
Parte do alumnado ten boa actitude a axudar, e ademais esta se realiza con orden.	Propoñer actividades de grupo nas que sexa necesaria a colaboración e orden
O grupo ten mala actitude e non colabora nas tarefas.	Descubrir as causas do problema e adoptar medidas, estratexias, etc. para minimizar esas actitudes.

I) Medidas de atención á diversidade.

A atención á diversidade terá dous enfoques por unha parte individual e por outra grupal.

Diversidade individual	Medidas
Diversidade na comprensión	
Non ten ningunha dificultade para entender os contidos.	Seleccionar contidos cun grao maior de dificultade.
Entende os contidos, pero, en ocasións, resúltanlle difíciles.	Seleccionar os contidos significativos de acordo á súa realidade.
Ten dificultades para entender os contidos que se presentan.	Seleccionar os contidos mínimos e expoñelos simplificando a linguaxe e a información gráfica.
Diversidade na capacitación e desenvolvemento	
Non ten dificultades (alumnos de altas capacidades).	Potenciar estas a través de actividades que lles permitan poñer en xogo as súas capacidades.
Ten pequenas dificultades.	Propoñer tarefas nas que a dificultade sexa progresiva de acordo ás capacidades que se vaian adquirindo.
Ten dificultades.	Seleccionar aquelas tarefas de acordo ás capacidades do alumnado, que permitan alcanzar os contidos mínimos esixidos.
Diversidade de interese e motivación	
Mostra un grande interese e motivación.	Seguir potenciando esta motivación e interese.
O seu interese e motivación non destacan.	Fomentar o interese e a motivación con actividades e tarefas variadas.
Non ten interese nin motivación.	Fomentar o interese e a motivación con actividades e tarefas máis procedementaise próximas á súa realidade.
Diversidade na resolución de problemas	
Encontra solucións aos problemas que se presentan en todas as situacións.	Seguir fomentando esta capacidade.
Encontra solucións aos problemas que se presentan nalgúns situacións.	Propoñer problemas cada vez con maior grao de dificultade.
Ten dificultades para resolver problemas nas situacións que se presentan.	Propoñer problemas de acordo ás súas capacidades para ir desenvolvéndoas.
Diversidade na comunicación	
Exprésase de forma oral e escrita con claridade e corrección.	Propoñer tarefas que sigan perfeccionando a expresión oral e a escrita.
Ten algunha dificultade para expresarse de forma oral e escrita.	Propoñer algunhas tarefas e debates nos que o alumnado teña que utilizar expresión oral e escrita co fin de melloralas.
Ten dificultades para expresarse de forma oral e escrita.	Propoñer actividades co nivel necesario para que o alumnado adquira as ferramentas necesarias que lle permitan mellorar.

Diversidade grupal	Medidas
De comunicación	
A comunicación profesor-grupo non presenta grandes dificultades.	Non se necesitan medidas.
A comunicación profesor-grupo ten algunhas dificultades.	Propoñer estratexias para mellorar a comunicación.
A comunicación profesor-grupo ten grandes dificultades.	Descubrir a causa das dificultades e propoñer medidas que as minimicen.
De interese e motivación	
O grupo está motivado e ten grande interese.	Non se necesitan medidas.
Parte do alumnado está desmotivado e ten pouco interese.	Propoñer estratexias que melloren o interese e a motivación desa parte do alumnado.
O grupo non ten interese e está pouco motivado.	Descubrir a causa da desmotivación e propoñer medidas que as minimicen.
De actitude e colaboración	
O grupo ten boa actitude e sempre está disposto a realizar as tarefas.	Non se necesitan medidas.
Parte do alumnado ten boa actitude e colabora.	Propoñer actividades de grupo nas que asuma responsabilidades o

Diversidade grupal	Medidas
	alumnado menos motivado.
O grupo ten mala actitude e non colabora nas tarefas.	Descubrir as causas do problema e adoptar medidas, estratexias, etc. para minimizar esas actitudes.

m) Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda.

Durante todo o ano desenvolveremos transversalmente o desenvolvemento do alumnado nas Tecnoloxías da Información e Comunicación.

Por unha parte intentaremos establecer unha comunicación continua e efectiva entre o alumnado e o profesorado. Para isto requiremos que o alumnado teña contas de almacenamento na rede, e ofreceremos acceso en horas non lectivas a ordenares e asesoramento.

Por outra parte ofertaremos axuda para o uso especializado de programas de marcado uso tecnolóxico, tamén fora de horas lectivas.

Estas horas non lectivas non están contabilizadas no horario do profesorado polo tanto dende o departamento se tratará de que se recoñezan as mesmas dentro dos documentos oficiais para posteriormente solicitar que entren a formar parte do horario do profesorado.

Por outra parte e debido a insistencia do alumnado tamén abriremos o taller fora do horario lectivo. Así todo aquel que desexe ampliar os seus coñecementos no ámbito tecnolóxico, principalmente práctico, e que non dispoña na casa das ferramentas e instrumentos axeitados o poderá facer no instituto, con asesoramento do profesorado, altamente cualificado, que imparte a materia de tecnoloxía.

Por outra parte dende o Departamento de Tecnoloxía fomentamos o uso de linguas estranxeiras, formando os seus membros parte integrante e activa dos Programas Comenius.

Nestes programas desenvolvemos boa parte dos contidos científicos e tecnolóxicos dos mesmos, e colaboramos con outras actividades proporcionando soporte informático a contidos.

n) Actividades complementarias e extraescolares programadas por cada departamento didáctico.

Como actividades para o presente curso estarán todas as planeadas polo equipo de proxectos europeos, cada unha destas actividades levará previsto a inclusión da tecnoloxía coma parte do seu desenvolvemento.

A ser posible, e dependendo das capacidades económicas realizaremos as seguintes actividades bastante máis específicas:

- 2ºESO
- 3ºESO
- 4ºESO
- TODOS

O número de sesións da materia de tecnoloxía son escasas.

Como actividades para o presente curso estarán todas as planeadas polo equipo de proxectos europeos, cada unha destas actividades levará previsto a inclusión da tecnoloxía coma parte do seu desenvolvemento.

ñ) Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

As programacións didácticas serán revisadas trimestralmente en canto no que se refire a temporalización. En canto os resultados académicos estas serán avaliados en xuño atendendo os seguintes indicadores:

Cualificacións	Medidas
As cualificacións teñen unha distribución lóxica	Non hai que mellorar
Non hai cualificacións altas	Rebaixar os mínimos
Non hai suspensos	Aumentar os mínimos

Cantidade de suspensos	Medidas
Os suspensos repiten curso	Non hai que mellorar
Unha gran cantidade de suspensos promocionan por lei	Preparar un plan concreto de atención á diversidade
Moitos suspensos promocionan	Comparar os resultados con outras materias de ámbito científico, se non é un caso illado preparar un plan de mellora, se é un caso illado cambiar a metodoloxía
Alcance da materia	Medidas
Se desenvolve toda a programación	Non hai que mellorar
Faltan por impartir Unidades Didácticas que o alumnado pode preparar pola súa conta sen problemas	Axustar a temporalización ou mandar máis tarefas para casa
Non se imparten Unidades Didácticas importantes	Revisar, e cambiar, a cantidade e contidos das Unidades Didácticas

Para o análise anterior partiremos dos indicadores da práctica docente e dos resultados académicos do alumnado que non estea en seguimento por un plan de atención a diversidade.

O mesmo análise cuantitativo é válido para o alumnado que está sometido a un plan de atención á diversidade, pero neste caso sas medidas que se aplicaran son as propostas no punto de atención á diversidade.

Metodoloxía e actividades no ensino a distancia

Actividades	<p>Poderase acceder a elas na Aula Virtual do CPI Manuel Suárez Marquier ou mediante o enlace :</p> <p>https://www.edu.xunta.gal/centros/cpimanuelsuarez/aulavirtual/enrol/index.php?id=296</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>Desde o punto de vista metodolóxico, o ensino desta materia require que se realicen proxectos nos que se traballe en equipo para resolver problemas tecnolóxicos que permitan explorar e formalizar o deseño, a produción, a avaliación ou a mellora de produtos relevantes desde o punto de vista tecnolóxico e social. Trátase de aprender a identificar e a seleccionar solucións aos problemas técnicos, a realizar cálculos e estimacións, e a planificar a realización de actividades de deseño, de montaxe e de verificación das características dos prototipos, contextos de aprendizaxe nos que son importantes a iniciativa, a colaboración e o respecto polas normas de seguridade, e nos que as tecnoloxías da información e da comunicación son ferramentas imprescindibles para a busca de información, para a elaboración de documentos ou de planos, para a realización de simulacións e de cálculos técnicos e económicos, e para a presentación ou a publicación de resultados. No ensino da tecnoloxía resulta adecuado, xa que logo, reflexionar e traballar en grupo procurando solucións a problemas nos que se poidan aplicar os coñecementos adquiridos, e buscar información adicional, se se require, para fomentar o espírito emprendedor.</p> <p>Non se contempla a opción de que o alumno non teña conectividade xa que só precisase dun mobil con conexión a internet (100% dos hogares teñen un o mais de un) para a descarga dos exercicios e o posterior envío dos resultados (pdf ou foto) por esta mesma vía a un correo electrónico facilitado polo profesor. No caso de exercicios que requiran programas específicos, en coordinación ca dirección do centro, intentarase proveer a estes alumnos dos medios técnicos precisos (ordenador e conexión a internet). No caso de que non fora posible, substituirase a realización destas prácticas pola realización duns test de coñecementos nas que só se precisa un telefono mobil con conexión a internet para a súa realización e envío de resultados a un correo electrónico do profesor.</p>
Materiais e recursos	<p>Traballase co libro de Oxford da asignatura, cos apuntes dados polo profesor e cada alumno cos medios tecnolóxicos que ten na súa casa, ordenador, tablet ou telefono mobil para a recepción dos documentos, realización das prácticas con programas específicos e o seu posterior envío.</p>

Información ao alumnado e ás familias	<p>Empregase a páxina web do propio centro : https://www.edu.xunta.gal/centros/cpimanuelsuarez/</p> <p>a web da Aula Virtual do centro (Moodle) : https://www.edu.xunta.gal/centros/cpimanuelsuarez/aulavirtual2/</p> <p>a app da Aula Virtual do centro (Moodle) : https://www.edu.xunta.gal/centros/cpimanuelsuarez/system/files/Manual_Moodle_Classic.pdf</p> <p>e a app abalarMóbil : https://www.edu.xunta.gal/espazoAbalar/es/noticia/abalarmobil</p>
Publicidade	<p>Publicación obrigatoria na páxina web do centro.</p>